



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación de expediente de contratación de obras “Melloras e mantemento de vías municipais 2018 definitivo” (2018/C003/000018).

ANTECEDENTES

1. Proxecto técnico redactado por redactado por Gonzalo García Martínez denominado “Melloras e mantemento de camiños municipais 2018”
 2. Informe técnico emitido en data de 12.07.2018 pola ATM dona Patricia Garcia Varela indicando que son necesarias as seguintes autorizacións previas:
 - a) É necesaria a autorización do Servizo de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Deporte), pois parte das actuacións atópanse no Perímetro exterior das Torres de Mens, segundo o decreto 12/2002, de 1 de xaneiro, polo que se delimita o entorno de protección das torres de Mens no concello de provincia de A Coruña (BOE 56 de 06/03/2002).
 - b) Parte das obras atópanse en Zona de Rede Natura, segundo se desprende do Plano da Red Natura da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, por tanto é necesaria autorización do organismo competente da Comunidade Autónoma.
 - c) Segundo o Plan de Ordenación do Litoral, parte das obras pretendidas, atópanse en zona de protección costeira, na rede de espazos naturais, e en espazos de interese, por tanto é necesaria a autorización do organismo competente da Comunidade Autónoma (Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe).
Plan de Ordenación do Litoral (POL) aprobado definitivamente polo decreto 20/2011 de 10 de febreiro e publicado no DOG nº 37 de 23 de febreiro de 2011.
 - d) Pretenden realizarse parte das obras en Servidumbre de Protección do Dominio Público Marítimo Terrestre, polo tanto é necesaria a autorización previa do organismo competente da Comunidade Autónoma (Servizo de urbanismo da Consellería de Territorio, Medio Ambiente e Infraestructuras).
- Concluíndose no citado informe que queda condicionada a dispoñibilidade dos terrenos a obtención das autorizacións mencionadas no apartado anterior.
3. O informe xustificativo da necesidade da contratación , iniciando o correspondente expediente e solicitando a información correspondente, foi asinado en data de 05.12.2018 polo señor Alcalde.
 4. Constan no expediente Borrador de Pregos de cláusulas administrativas reguladores do Contrato coas puntuacións determinadas pola Alcaldía do Concello, idénticos aos usados para a licitación 2018/C003/000017 (salvo as evidentes variacións de contías, medios, etc).
 5. Consta no expediente certificado de existencia de crédito de data de 05.12.2018.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>(Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

6. Informe desfavorable de secretaría de data de 05.12.2018.
7. Informe de fiscalización desfavorable (desconforme con efectos suspensivos) de data de 11.12.2018.
8. Aportación ao expediente de novo Proxecto técnico redactado por Gonzalo García Martínez, denominado “ Melloras e mantemento de vías municipais 2018 **definitivo**”, contén a declaración de obra completa e a acta de replanteo previa.
9. Aportación ao expediente de novo informe técnico da ATM dona Patricia García Varela de data de 20.12.2018, informando sobor do novo proxecto técnico que se pretende agora licitar, onde se indica:
“6.- Autorizacións necesarias:
Pretende actuarse sobre as vías denominadas :vial 1 e 2, do plano A02, do lugar de Mens que se atopan no Perímetro exterior das Torres de Mens, segundo o decreto 12/2002, de 10 de xaneiro, polo que se delimita o entorno de protección das torres de Mens no concello de Malpica, provincia de A Coruña (BOE 56 de 06/03/2002). Polo tanto, é necesaria a obtención de autorización do Servizo de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Deporte).
7.- Disponibilidade dos terreos:
As obras pretendidas realizaranse sobre vías existentes, que figuran no Inventario do Patrimonio municipal de Bens do Concello de Malpica e na cartografía do planeamento vixente..
A dispoñibilidade dos terrenos queda condicionada á obtención da autorización mencionada no apartado anterior.O que se comunica aos oportunos efectos, en Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo arquitecto técnico municipal, Patricia García Varela”.
10. Obra no expediente Informe complementario de secretaria de 21.12.2018 novamente desfavorable.
11. Informe de fiscalización desfavorable (desconforme con efectos suspensivos) de data de 26.12.2018, concluíndo:

“.OBSERVACIÓNS:

- 1.- No expediente non se xustifica a non división en lotes do contrato, tal como esixe o artigo 99.3 LCSP. Incluso se está a tramitar a contratación dunha obra de características moi similares (expte. 2018/C003/000017 “ Mantemento de camiños municipais 2018”) que podería licitarse con esta efectuando as divisións en lotes que procedan ou ben xustificando os motivos polos que non procede esa división.
- 2.- En data 11/12/2018 emitíuse informe de fiscalización deste expediente con reparo de carácter suspensivo polos seguintes motivos:
 - No informe da arquitecto técnico municipal se pon de manifesto que son necesarias autorizacións sectoriais doutras administracións o que condiciona a dispoñibilidade dos terreos, aínda que sexan de titularidade municipal. A día de hoxe non constan esas autorizacións.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>(Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Non se acredita no expediente que se estea a actuar sobor vías de titularidade municipal.

Posteriormente rectificouse o proxecto técnico e a arquitecto técnico municipal realizou un informe onde se manifesta que **a dispoñibilidade dos terreos queda condicionada unicamente á autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte**. No novo informe de secretaría emitido en data 21/12/2012 se indica que a esa data **non consta no expediente a devandita autorización sen a cal non procede aprobar o expediente**. Por tanto e salvo criterio mellor fundado en dereito, reitérase por esta intervención que non está suficientemente acreditada a dispoñibilidade dos terreos requisito que debe cumprirse antes da aprobación do expediente de contratación (art. 236.1 LCSP). En consecuencia, emítese reparo con efectos suspensivos na tramitación do expediente mentres non se resolva a discrepancia ou se dispoña desa autorización.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E CONCLUSIÓNS.

1. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE , de 26 de febreiro de 2014, os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia de esta na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

En consonancia co indicado, e tal e como se indica na Memoria do Proxecto técnico definitorio das obras encargado por esta Alcaldía, a finalidade que se trata de conseguir co citado proxecto, é realizar as labores precisas para a conservación de numerosas vías principais e secundarias de propiedade municipal, que teñen a plataforma e as marxes da calzada en malas condicións de conservación, poñendo en perigo a seguridade viaria e a integridade dos vehículos.. Para a execución das citadas obras, e tal e como se xustifica por esta Alcaldía Providencia de 05.12.2018 coa que se incoa o expediente de contratación, este Concello non conta con medios persoais nin materiais para acometer esta obra.

2. Considerando que existe crédito axeitado e suficiente para facer fronte á referida contratación segundo documento de retención de crédito asinado pola Intervención do Concello en data de 05.12.2018 por importe de 143.563,08 euros.

3. Tendo en conta que o proxecto técnico obrante no expediente, denominado “ Melloras e mantemento de vías municipais 2018 definitivo”, redactado por Gonzalo García Martínez e incorporado ao expediente sigem en data de 18.12.2018 en substitución doutro anterior, contén a declaración de obra completa e a acta de replanteo previa.

4. Considerando que se ben é certo que consta no expediente informe técnico emitido en data de 21.12.2018 pola ATM dona Patricia García Varela onde se indica que son precisas unha serie de Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>(Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

autorizacións previas e se condiciona a dispoñibilidade dos terrenos á obtención das citadas autorizacións, e a pesar os informes desfavorables de secretaría emitidos no expediente, urxe aprobar o expediente de contratación antes de que remate o ano para poder ter a condición de inversión financeiramente sostible e que non computen na regra de gasto.

Por todo o exposto, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e en base ao disposto na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2018 do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), RESOLVO:

PRIMEIRO: Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal non seu informe de fiscalización de data de 26.12.2018.

SEGUNDO: Aprobar o proxecto técnico de obras por redactado por Gonzalo García Martínez, denominado “ Melloras e mantemento de vías municipais 2018 definitivo”, que contén a declaración de obra completa e a acta de replanteo previa.

TERCEIRO: Aprobar o expediente de contratación (composto polo prego de cláusulas administrativas particulares obrante no expediente e os demais documentos que obran no mesmo anteriormente indicados) mediante procedemento aberto simplificado da obra “**Melloras e mantemento de vías municipais 2018 definitivo**”, cun orzamento base de licitación de 118.647,17 € ao que se engade a cantidade de 24.915,91 € en concepto de IVE (21%), facendo un prezo total de licitación de 143.563,08 €.

CUARTO: Autorizar, en contía de 143.563,08 €. o gasto que representa a contratación eferida, con cargo á partida 1532.61900.

QUINTO: Publicar na Plataforma de contratación do Sector Público o anuncio de licitación, para que durante o prazo de 20 días naturais a partir do seguinte a contar dende o seguinte ao da publicación do citado anuncio poidan os interesados presentar as proposicións que estimen pertinentes.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr Alcalde Eduardo José Parga Veiga, do que eu, Mónica Pichel García, como Secretaria, e aos únicos efectos de fé pública (RD 1174/1987, de 18 de decembro) dou fé.